

PAZO LIBUNCA. A CAPELA SIXTINA DA CERÁMICA DE TALAVERA



Construído polo famoso arquitecto catalán Juan Roig para a familia Montenegro en 1922, recollendo o mellor das exposicións universais, c'ó seu matiz de estética, de puxanza económica, de satisfacción social, de rexionalismo e enorme fe na ciencia e no progreso, e do espírito da burguesía da Belle Époque, o Pazo Libunca, alberga, fir-mada polo xenial mestre ceramista Juan Ruiz de Luna Arroyo, discípulo de Sorolla, un dos mellores programas decorativos en cerámica do mundo, e, a máis importante colección de cerámica de Talavera de España polo seu realismo e calidade pictórica.

Cando a cerámica española, Paterna, Manises, incorpora o ríco repertorio renacentista, xa no primeiro terzo do século XVI, xunto a Sevilla, Talavera, constitúese no mellor centro de Europa pola súa elegancia e forza decorativa. Moitos foron grandes mestres ceramistas, máis nas ártes decorativas de España destaca entre todos eles, con incomparable luz, o xenio de Juan Ruiz de Luna Arroyo. En Libunca o mestre logrou aplicar á cerámica as tonalidades da pintura e, sobre todo a cor, do seu admirado Sorolla, de quen Ruiz de Luna tomaba clases de colorido desde 1919.

Juan Ruiz de Luna non só realizou con estos emblemas do Pazo Libunca, feitos no momento mais feliz e frutífero da súa carreira artística, o completo programa iconográfico rexionalista da comarca, senón que conseguiu tamén, por primeira vez na Historia do Arte, que a súa paleta cerámica tivera –como amosas estas imaxes de modo incontestable–, a mesma gama de cores e de tons que as do óleo o a das acuarelas técnicas que empregaba para, con rápidas pinceladas impresionistas, tomar do natural estos apuntamentos que logo pasaba á cerámica. (A. Pena Graña).

